



Poetízate nos clubs de lectura



IX Xornada dos Clubs de Lectura
Santiago, 10 de xuño de 2016

Fran Alonso danos os motivos:

1. A poesía non morde, non fai dano e, aínda que haxa quen pense o contrario, non é aburrida, nin romanticona, nin cursi, nin difícil. E hai moitos tipos de poesía para que elixamos.
2. A poesía serve para ler, cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, declararse, rebelarse contra o mundo ou unicamente para falar suave á orela. Tamén é un somnífeo para durmir ben, unha pastilla sen química que mellora a saúde e o benestar, e relaxa ás persoas. E serve, sobre todo, para explicar as razóns e as emocións que non veñen no dicionario.
3. Os poemas son como caixas de ferramentas, valen para todo: para sentilos, manosealos, lelos, cheiralos, gardalos nun armario, ensucialos, para ligar, para poñelos enriba da cabeza, penduralos na parede, limpalos, recortalos, reescribilos, merendalos nun bocadillo de papel, ordenalos, metelos na neveira e lelos coa cabeza máis fría, ou deixalos sobre a cama para devoralos á noite, clandestinamente, cando todos se deitaron. Ademais a poesía cura enfermidades como a impaciencia, os nervios, os pés planos, os enfados, a dor de cabeza, as feridas imprevistas, as dores de amor, as indixestións, a ansiedade e algunhas gripes.
4. A poesía está nas cousas que nos rodean a diario, na música, na amizade, no supermercado, na risa, na moto, no váter, na esperanza, na rutina, nas cousas persoais, no calexón sen saída, no mar contaminado, na tristura, no teu barrio, no ceo cuberto, no ordenador, nun berro, na paisaxe, na conversa e nas rúas. Onde ti queiras.
5. O importante da poesía non é obsesionarse con descifrala senón saber gozala, sentila e intuíla. Na poesía reconforta sentir o seu ritmo, a súa música, a súa sonoridade, os xogos de palabras que por veces nos deslumbran, as imaxes fascinantes que nos ofrece. E tamén os seus enigmas. Poetizarse. En definitiva facer da poesía un pracer.

A brevidade textual, a universalidade temática ou o significado connotativo, son entre outras, algunhas das características que fan da poesía unha opción moi viable para consolidar hábitos lectores. Nesta liña a oferta de lecturas poéticas dentro dun club potencia a sensibilidade e a creatividade dos seus membros ao tempo que evita/minimiza a onnipresencia da prosa narrativa.

OBXECTIVOS PARA POETIZAR(NOS)

- Dinamizar a lectura da poesía entre os adolescentes e formar lectores de poesía
- Mudar os seus prexuizos sobre a lectura da poesía.
- Facelos gozar do feito poético.
- Compartir lecturas tamén en verso.

A QUEN POETIZAMOS?

Alumnado da ESO e Bacharelato participantes no proxecto de clubs de lectura.

COMO (NOS) POETIZAMOS? (I)

- ✓ Achegándonos aos poetas e poetisas e presentando e lendo as súas obras.
 - ✓ Comezando as sesións cun poema
 - ✓ Sesións líricas: fontenla de auga , sensacións, lectura de Penúltimas tendencias
- ✓ Unindo a rapaces e rapazas de diferentes clubs de lectura arredor da poesía.
 - ✓ As visitas/roteiros coa lectura de poesías relacionadas con puntos emblemáticos das cidades que se visitan ou con poetas relacionados ou nados nas cidades (Poio, Tui, Salamanca, Córdoba, Veruela...)
 - ✓ As intervencións na rúa: agasallamos poesía, tendal poético...
 - ✓ A lectura e intercambio de poemas, as recomendacións poéticas (Poio, Catoira).
 - ✓ Os roteiros poéticos (Manuel María, a memoria histórica).

ROTEIROS POÉTICOS



COMO (NOS) POETIZAMOS? (II)

- ✓ Facendo lectura común de poemarios, escolmas...
- ✓ Fomentando a participación en actividades poéticas conxuntas.
 - ✓ Recitais do alumnado poeta.
- ✓ Seleccionando poetas e poemarios que poidan resultar atractivos para os rapaces e rapazas: pola temática, pola transparencia formal...

COMO (NOS) POETIZAMOS? (III)

- ✓ Presentando aos poetas e as súas obras dun xeito dinámico e achegado ao seu mundo (por exemplo coas novas tecnoloxías): [Lyrikline](#)
- ✓ Sendo partícipes do feito poético a través da creación e recreación de versos.
- ✓ Programando intervencións poéticas lúdicas e novidosas.
- ✓ Realizando [encontros](#) e obradoiros poéticos cos autores.
 - ✓ Obradoiros de poesía: Carlos Negro, Raúl Vacas, Rosalía Fernández Rial, Elvira Ribeiro, Lucía Aldao e María Lado, A. García Teijeiro, Fran Alonso, Dores Tembrás e Antía Otero...
 - Asistimos a Pontepoética e outras accións poéticas.

COMO (NOS) POETIZAMOS? (III)

- ✓ Presentando aos poetas e as súas obras dun xeito dinámico e achegado ao seu mundo (por exemplo coas novas tecnoloxías): [Lyrikline](#)
- ✓ Sendo partícipes do feito poético a través da creación e recreación de versos.
- ✓ Programando intervencións poéticas lúdicas e novidosas.
- ✓ Realizando [encontros](#) e obradoiros poéticos cos autores.
 - ✓ Obradoiros de poesía: Carlos Negro, Raúl Vacas, Rosalía Fernández Rial, Elvira Ribeiro, Lucía Aldao e María Lado, A. García Teijeiro, Fran Alonso, Dores Tembrás e Antía Otero...
 - ✓ Asistimos a Pontepoética e outras accións poéticas.

PRÁCTICAS POETIZANTES (I)

- Selección de poemarios e lectura compartida dos **mesmos** (dependendo do nivel e a madurez dos participantes a lectura debe estar titorizada ou non).
 - A conveniencia ou non de escoller poemarios completos ou seleccionar antoloxías.
 - Escolmas de poetas de difícil acceso e/ou da **contorna**.
 - Outras escolmas: **medo**, **Guerra Civil**, **matemáticas**, **defuntos**...
- As maletas de poesía da biblioteca.
- O poeta, a **poesía do mes**.
- As conmemoracións (días da **Paz**, da **Poesía**, da **Lingua Materna**, da **Muller**, contra a **violencia doméstica**, de **Rosalía**, dos **namorados**...) da man da poesía.
- Lectura en voz alta de poemas.

PRÁCTICAS POETIZANTES (II)

- Dramatización da lectura de poemas.
- Ilustración (tuneado) dos poemas.
- Xogar con caligramas, acrósticos, haikus... A creación poética. Recreación poética.
- Audición de poemas musicados ou visionado de videopoemas.

COMPARTIR POESÍA



LOGROS DA POETIZACIÓN

- O alumnado ampliou o seu coñecemento dos poetas novos e da súa poesía, coñeceron e admiraron aos poetas e poetisas.
- Os participantes nos clubs demandan poesía (xa non lles morde) e falan de poetas e poesía.
- Afixéronse a participar en intervencións poéticas.
- O alumnado “poeta” mellorou a súa autoestima.
- Canteira de novos poetas: **Brais Rey, Tamara Andrés ...**

PROPOSTAS PARA UN DEBATE POETIZANTE

- Necesidade de creación /renovación do corpus/ mundo poético xuvenil.
- Lemos poesía para adultos?
- Rosalía para tod@s as idades.
- Colectivos e proxectos poéticos: Para adolescentes?
- A creación poética dos adolescentes.
- A normalización das acción poéticas entre a xente nova.
- Se o profesorado non le poesía o alumnado non a lerá: facer da poesía un feito cotiá, interesante, divertido, que move sentimentos.
- A axuda da creación poética.
- Equilibrar lectura lúdica da poesía (clubs) coa lectura literaria (aula).
- Poesía viva e achegada á xuventude, que transmita emocións e valores.
- Os novos formatos

Moitas



Grazas!